



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN  
DATA 21 DE XULLO DE 2023

**PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

**MEMBROS:**

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

**AUSENTES:**

**SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

**INTERVENTORA:**

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:08 horas do día 21 de xullo de 2023, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 345/2023 DE DATA 10.07.2023 -  
CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE  
COMPETENCIAS**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 345/2023 de data 10.07.2023, que di:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**Asunto: CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE  
COMPETENCIAS**

D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, 43 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización,



Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

## RESOLVO

PRIMEIRO.- Incoar expediente para a constitución da Xunta de Goberno Local deste Concello.

SEGUNDO.- Designar membros da Xunta de Goberno Local aos Srs./Sras.:

D. José Antonio Rodríguez Arribe

D. Ismael Durán Bereijo

Dª María José Pernas Díaz

Dª Lucía Picos Aneiros

TERCEIRO. – A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

A) A asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.

B) As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega, e que a continuación se expresan:

1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde.

2) Concesión de licenzas urbanísticas.

3) Concesión de licenzas de actividade e de apertura.

4) Aprobación de padróns fiscais e liquidacións de impostos, taxas e prezos públicos.

5) A concertación de operacións de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

6) As adxudicacións de concesións sobre bens e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a contía indicados.

7) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación e concesión e estean previstos no Orzamento.

8) A solicitude de subvencións para obras, actividades ou servizos municipais, que competencialmente non estean atribuídas ao Pleno da corporación.

9) A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo concello, e a aprobación de convenios de colaboración.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira  
<https://sede.concellocedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



- 10) A concesión, transmisión ou modificación de licenzas de auto turismo.
  - 11) A concesión de aprazamentos e fraccionamentos de ingresos públicos.
  - 12) A resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.
- C) As atribucións que lle atribúan as leis.

CUARTO.- Fixar como periodicidade para as sesións ordinarias os venres cada quince días, ás 13:00 horas.

Realizará a súa primeira sesión o venres 21 de xullo de 2023 ás 13:00 horas.

QUINTO.- A Alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

SEXTO.- A Alcaldía poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMO.- Da presente resolución darase conta ao pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicándose no boletín oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende a súa promulgación, conforme se indica no número 1 do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, e o artigo 52.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

## 2. ACORDO DE SOMETEMENTO A INFORME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO DOS ASUNTOS EN MATERIA URBANÍSTICA DELEGADOS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.07.2023, que literalmente di:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: ACORDO DE SOMETEMENTO A INFORME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO DOS ASUNTOS EN MATERIA URBANÍSTICA DELEGADOS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 345/2023 do 10 de xullo constituíuse a Xunta de Goberno Local, delegando esta Alcaldía en dito órgano, entre outras atribucións, a concesión de licenzas urbanísticas, licenzas de actividade e apertura.

En sesión extraordinaria realizada o 13.07.2023 o Pleno do Concello adoptou acordo de creación das seguintes Comisións Informativas de carácter permanente: Comisión Especial de Contas, Comisión Informativa de Plenos, e Comisión Informativa de Urbanismo.



Visto o previsto no artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, que establece o seguinte:

1. As Comisións Informativas, integradas exclusivamente por membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno e da Comisión de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes.

2. Igualmente informarán aqueles asuntos da competencia propia da Comisión de Goberno, e do Alcalde ou Presidente, que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

Visto o previsto no artigo 137.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, que dispón que o Presidente de cada Comisión poderá requirir a presenza, nas súas sesións, de persoal ou membros da Corporación a efectos informativos.

Estimando conveniente que os asuntos en materia de urbanismo delegados na Xunta de Goberno Local sexan previamente informados pola Comisión Informativa de Urbanismo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. – Someter a coñecemento da Comisión Informativa de Urbanismo a concesión de licenzas urbanísticas e a concesión de licenzas de actividade e apertura, atribucións delegadas na Xunta de Goberno Local por Resolución de Alcaldía núm. 345/2023 do 10 de xullo, así como calquera outro asunto en materia urbanística que sexa sometido á decisión de dito órgano.

A tal efecto, a Comisión Informativa de Urbanismo reunirse coa mesma periodicidade que a Xunta de Goberno Local, os venres cada quince días, ás 12:00 horas, previa convocatoria ao efecto, sempre que na orde do día da convocatoria da Xunta de Goberno se inclúan asuntos en materia de urbanismo.

Ás sesións da Comisión Informativa de Urbanismo asistirán os técnicos municipais de Urbanismo, a efectos informativos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000014

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.07.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000014

OBXECTO:	CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE VIVENDA
PROMOTOR/A:	
<u>CONSIDERACIONES URBANISTICAS:</u>	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	SOLO URBANO CONSOLIDADO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garáñese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

FIRMADO POR Ana Velo Ruíz (FECHA: 24/07/2023 12:16:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 24/07/2023 12:45:00)

Versión imprimible

CVD: tLuypp2eZp0Wo5Dpm5Aw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: 50is1yfsZ6N49Yt9L80Z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



REFERENCIA CATASTRAL:	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	11.230,00 €
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Descrición das características da actuación por parte de
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:	Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 24/02/2023.
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 29.05.2023)	CONDICIÓN XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020  CONDICIÓN PARTICULARES  - As obras axustaranse as especificacións previstas na Autorización do Servizo de Xestión Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo con número de expediente 3420/22 . - En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de 6 meses, deberá achegarse a Xefatura Territorial unha reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final.

Visto o informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal de data 29/05/2023.

Visto o informe xurídico de procedemento e lexislación aplicable, da Técnico de Administración Xeral de data 12/07/2023.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 29/05/2023.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.



De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

6º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**4. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000018**

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.07.2023, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000018**

<b>OBXECTO:</b>	OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA CENTRO DE DÍA
<b>PROMOTOR/A:</b>	
<b><u>CONSIDERACIONS URBANISTICAS:</u></b>	
<b>CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:</b>	SOLO URBANO CONSOLIDADO
<b>REFERENCIA CATASTRAL:</b>	
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:</b>	230.741,45 €
<b>DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:</b>	Proxecto básico e de execución de acondicionamento de baixo para Centro de Día, de Febreiro de 2023, con visado en data 05/06/2023, subscrito polos Arquitectos Jorge Cebreiro Cabarcos, colexiado nº 2.315 do COAG e Antonio Ferreiro Romero colexiado nº 2.384 do COAG
<b>TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO: DIRECTOR EXECUCIÓN: COORDINADOR DE SE Y SA:</b>	Arquitectos: - Jorge Cebreiro Cabarcos, colexiado nº 2.315 do COAG - Antonio Ferreiro Romero colexiado nº 2.384 do COAG Arquitecto técnico Raimundo Puentes Calvo, colexiado COAAT nº 1973 Arquitecto técnico Raimundo Puentes Calvo, colexiado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garáñase mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

FIRMADO POR Ana Velo Ruiz (FECHA: 24/07/2023 12:16:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 24/07/2023 12:45:00)

Versión imprimible

CVD: tLuypp2eZp0Mo5Dpm5Aw  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: 50is1yfsZ6N49Yc9L80Z  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



	COAAT nº 1973
<b>PRAZO DE INICIO:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPTIÓN DAS OBRAS:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:</b>	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRÓRROGAS:</b>	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
<b>AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:</b>	A) A actuación sitúase na zona de servidume de protección de Costas ( declaración responsable) e que consta , así como que a actuación situase nun contorno de protección conforme ao PBA e tamén consta. Así, verificase no expediente a incorporación da: - Declaración responsable para a realización de obras na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre de data 25.02.23. - Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención ( acondicionamento de local para centro de día na praza Roxa, 6) que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia de data 27.04.2023 B) A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude resolveu conceder a autorización para a creación/construción do centro de servizos sociais do expediente. Así, verificase no expediente a incorporación do: - Informe de supervisión de centros de servizos sociais de data 14.06.2023.
<b>NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:</b>	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrárase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
<b>CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 07/07/2023)</b>	Con carácter previo ao inicio de actividade e unha vez terminada a obra, presentarase a comunicación previa para inicio de actividade. - Finalizadas as obras deberá presentar: a) Certificado Final de Obras, visado polos Colexios Profesionais correspondentes. b) Liquidación final da obra executada. c) Fotografías exteriores do inmovible rematado incluíndo as fachadas con medianeiras se as houbera. d) Planos do estado definitivo, se procede. e) Xustificantes de inclusión no Imposto de Bens Inmóveis de natureza urbana (modelo 902N). - As obras executaranse de conformidade coa documentación relacionada no apartado de DOCUMENTACIÓN, baixo a



supervisión dos técnicos encargados da dirección facultativa relacionados no apartado de CONSIDERACIÓNS.

Vistos os informes técnicos do Arquitecto Técnico Municipal de data 21/04/2023 e 07/07/2023.

Vistos os informes xurídicos, de procedemento e lexislación aplicable da Técnico de Administración Xeral de data 19/07/2023.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada para acondicionamento de local para uso Centro de día.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnicos de data 07/07/2023.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**5. MODIFICACIÓN DA LICENZA DE EDIFICACIÓN Nº 2011/008/000006 (EXP: 2023/U022/000021)**

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.07.2023, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto:** MODIFICACIÓN DA LICENZA DE EDIFICACIÓN Nº 2011/008/000006 (EXP: 2023/U022/000021)

EXP. RELACIONADO	PRIMEIRA OCUPACIÓN: 2020/U007/000005
OBXECTO	MODIFICACIÓN DE LICENZA DE EDIFICACIÓN EXP: 2011/008/000006

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garáncese mediante conxexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

FIRMADO POR Ana Velo Ruíz (FECHA: 24/07/2023 12:16:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 24/07/2023 12:45:00)

Versión imprimible

CVD: tLuypp2eZp0Wc5Dpm5Aw  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: 50is1YfsZ6M49Yct9L80Z  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.





PROMOTOR	
REFERENCIA CATASTRAL	
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA	Anexo complementario de data de incorporación ao expediente 12/05/2023 e con data de visado 24/10/2022
TAXA ABONADA	15€

Vista a Licenza de edificación concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 27.03.13 polo que se concede a \_\_\_\_\_, licenza de obra maior para ampliación e reforma de vivenda unifamiliar \_\_\_\_\_ . (Expediente nº: 2011/U008/000006)

Vista a documentación presentada no expediente de licenza de primeira ocupación (expediente nº 2020/U007/000005) por \_\_\_\_\_ relativa ás variacións de detalle executadas.

Visto o informe técnico de data 19/06/2023 do Arquitecto Técnico Municipal.

Visto o informe xurídico, de procedemento e lexislación aplicable, de data 14/07/2023 da Técnico de Administración Xeral.

Polo exposto, PROPOÑO que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º) Modificar a licenza de edificación expediente nº 2011/U008/000006, concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 27.03.13, no tocante a:

- o Modificación da configuración de ocos no alzado posterior en planta alta.
- o Leves cambios na distribución interior.
- o Inclusión de varanda de forxa nos ocos da planta baixa, no alzado a Rúa Real.
- o Vista a Autorización do Servizo de Patrimonio Cultural EXPEDIENTE: 451/12, e vistas as observacións da mesma. Consta declaración expresa da Dirección facultativa e o promotor con respecto ao material das carpinterías, en particular, madeira

2º) Que se dilixencie a documentación presentada xustificativa das modificacións levadas a cabo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**6. MODIFICACIÓN DA LICENZA DE EDIFICACIÓN 2012/U008/000007 (EXP: 2023/U022/000019)**

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.07.2023, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto:** MODIFICACIÓN DA LICENZA DE EDIFICACIÓN 2012/U008/000007 (EXP: 2023/U022/000019)

EXP. RELACIONADO	PRIMEIRA OCUPACIÓN: 2020/U007/000003
OBXECTO	MODIFICACIÓN DE LICENZA DE EDIFICACIÓN EXP: 2012/U008/000007

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade gárase mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellocedeira.es> no Centro de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



PROMOTOR	
REFERENCIA CATASTRAL	
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA	Anexo complementario de data de incorporación ao expediente 20/04/2023 e con data de visado 09/08/2022
TAXA ABONADA	15€

Vista a Licenza de edificación concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/05/2013 polo que se concede a licenza para reconstrucción dun edificio de PB+2+BC para vivenda na Cedeira (expte.: 2012/U008/000007)

Vista a documentación presentada no expediente de licenza de primeira ocupación por en representación de , relativa ás variacións de detalle executadas.

Visto o informe técnico de data 19/06/2023 do Arquitecto Técnico Municipal.

Visto o informe xurídico, de procedemento e lexislación aplicable, de data 14/07/2023 da Técnico de Administración Xeral.

Polo exposto, PROPOÑO que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º) Modificar a licenza de edificación expediente nº 2012/U008/000007, concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/05/2013, no tocante a:

- Configuración dos ocós e recercados.
- Elevación da porta con respecto a cota da rúa.
- Execútase unha escada de caracol no canto dunha escada de tramos rectos, modificando, polo tanto a morfoloxía da escada.
- A planta primeira destinase a habitación no canto de sala de estar.
- Leves cambios na distribución dos baños.
- Elimínase unha baixante.
- Non se dispón na cuberta o panel solar.

2º) Que se dilixencie a documentación presentada xustificativa das modificacións levadas a cabo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 7. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XUÑO DE 2023

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.07.2023, que literalmente di:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garáñese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



**Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XUÑO DE 2023.**

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de xuño 2023 que empeza por \_\_\_\_\_, cun importe de 141,98 € e finaliza con \_\_\_\_\_ cun importe de 79,20 € e se compón de 48 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 5.360,71 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de xuño de 2023 que empeza por \_\_\_\_\_, DNI: \_\_\_\_\_, cun importe de 39,60 € e finaliza con \_\_\_\_\_, DNI: \_\_\_\_\_ cun importe de 32,40 € e se compón de 8 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 375,48 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**8. DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 22.11.2022, P.A. 304/2021 DE REALE SEGUROS GENERALES S.A. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000003)**

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.07.2023, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade gáranse mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira.  
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado a marxe.



**Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 22.11.2022, P.A. 304/2021 DE REALE SEGUROS GENERALES S.A. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000003)**

Visto que con data 16.12.2022 deuse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 22.11.2022 (rex de entrada nº 20220000004313, de data 13.12.2022), en relación co procedemento abreviado P.A. 304/2021 de Reale Seguros Generales S.A. contra o Concello de Cedeira.

Vista a dilixencia de ordenación do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 31.05.2023 (rex de entrada nº 1821, de data 05.06.2023) no que se comunica que a sentenza de data 22.11.2022 ten o carácter de firme.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.

**Segundo.-** Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**9. DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N.1 DE FERROL DE DATA 22.06.2023, P.A. 124/2022 DE MARIA CRISTINA BECEIRO MONTERO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000013)**

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.07.2023, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N.1 DE FERROL DE DATA 22.06.2023, P.A. 124/2022 DE MARIA CRISTINA BECEIRO MONTERO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000013)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 22.06.2023 (rex de entrada nº 202300000002206, de data 29.06.2023) en relación co procedemento abreviado P.A. 124/2022 de María Cristina Beceiro Montero contra o concello de Cedeira, cuxo fallo di:

*“(…) SE ESTIMA el recurso contencioso administrativo interpuesto por el procurador Sr. Sánchez García en el nombre y representación invocada contra la desestimación por silencio administrativo de la reclamación de responsabilidad patrimonial presentada ante el Concello de Cedeira que se anula por no se conforme a derecho, SE DECLARA la responsabilidad patrimonial del Concello de Cedeira y SE CONDENA al Concello a abonar a la actora la cantidad de SETECIENTOS CINCUENTA Y DOS EUROS Y TREINTA Y NUEVE CÉNTIMOS (752'39 €) más los intereses legales a contar desde la fecha de presentación de la reclamación en vía administrativa. Las costas se imponen al Concello de Cedeira limitando éstas a los honorarios de letrada y a una cantidad máximo de 200 € por todos los conceptos, incluido el IVA, en su caso.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellocedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á matxe.



*Notifíquese esta sentenza a las partes, haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer recurso de apelación y sólo podrá ser objeto de recurso de casación en las condiciones dispuestas en el artículo 86 de la LJCA.(...)"*

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Tomar coñecemento da sentenza.

**Segundo.**- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para a incoación do expediente para a aprobación do gasto."

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**10. DAR CONTA DA SENTENCIA DO T.S.X. DE GALICIA, SALA DO SOCIAL DE A CORUÑA, DE DATA 28.06.2023, RSU RECURSO DE SUPPLICACIÓN 6723/2022, SSS 145/2021 DO INSS E JOSÉ LUÍS PARADA FREIRE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS (EXPTE 2022/P002/000001)**

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.07.2023, que literalmente di:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: DAR CONTA DA SENTENCIA DO T.S.X. DE GALICIA, SALA DO SOCIAL DE A CORUÑA, DE DATA 28.06.2023, RSU RECURSO DE SUPPLICACIÓN 6723/2022, SSS 145/2021 DO INSS E JOSÉ LUÍS PARADA FREIRE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS (EXPTE 2022/P002/000001)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza de data 28.06.2023 en relación co recurso de suplicación 6723/2022 do T.S.X. de Galicia, Sala do Social de A Coruña (rex entrada nº 202399900001482, de data 05.07.2023), procedemento SSS 145/2021 do INSS e José Luís Parada Freire contra o Concello de Cedeira e outros, cuxo fallo di:

**"FALLAMOS**

*Que desestimando el recurso de suplicación formulado por el Abogado D. Fernando Barro Sabín, actuando en nombre y representación de D. JOSÉ LUÍS PARADA FREIRE, así como el presentado por la Letrada de la Administración de la Seguridad Social, actuando en nombre y representación del INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, ambos interpuestos contra la sentencia de fecha seis de junio de dos mil veintidós, dictada en autos 145/2021 del Juzgado de lo Social nº 1 de Ferrol, seguidos a instancia del Sr. Parada Freire contra la Entidad Gestora, así como contra el CONCELLO DE MOECHE y el CONCELLO DE CEDEIRA sobre INVALIDEZ, debemos de confirmar y confirmamos en su integridad la resolución recurrida. Sin costas.*

*Notifíquese la presente resolución a las partes y al Ministerio Fiscal.*

**MODO DE IMPUGNACIÓN:** *Se hace saber a las partes que contra esta sentencia cabe interponer recurso de Casación para Unificación de Doctrina que ha de prepararse mediante escrito presentado ante esta Sala dentro del improrrogable plazo de diez días hábiles inmediatos siguientes a la fecha de notificación de la sentencia. (...)"*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garábase mediante cotejo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellocedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da sentenza.

**Segundo.-** Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

## 11. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

### 11.1 ANULACIÓN DE RECIBOS

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 21.07.2023, que literalmente di:

#### “INFORME- PROPOSTA

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS**

**Data: 21.07.2023**

**Expediente: 2022/X999/000159**

#### ANTECEDENTES

- Solicitudes presentadas aos efectos de anulación de recibos liquidados do Padrón da taxa por recollida de residuos e por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.
- Obxecto das anulacións: Modificación da titularidade dos bens inmobles afectados/ceses de actividade
- Achégase aos expedientes o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñían contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

##### II. Normativa de aplicación



Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011 na súa última versión, aplicable dende o 05.06.2021

### III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

### IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producirá o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

### V. Inscrición e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

### VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Consta no expediente 2022/X999/000159 e expedientes relacionados, a comprobación dos datos de titularidade dos bens inmobles a data de devindicación dos exercizos cuxa anulación se pretende (1 de xaneiro do ano natural)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña para os recibos afectados non coinciden cos anteriores.

### VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos seguintes:



Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000723768	20213515022RL01R004854			2021	62.40
253000723768	20223515022RL01R004883			2022	-
253000644815	20223515022RL01R002598			2022	45.12
253000642177	20173515022RL01R000790			2017	65.00
253000642177	20183515022RL01R000929			2018	65.00
253000642177	20193515022RL01R000206			2019	65.00
253000642177	20203515022RL01R000199			2020	65.00
253000642177	20213515022RL01R000202			2021	62.40
253000642177	20223515022RL01R000200			2022	62.40
253000642571	20203515022RL01R000645			2020	65.00
253000642571	20213515022RL01R000642			2021	62.40
253000642571	20223515022RL01R000645			2022	62.40
253000642115	20223515022RL01R000151			2022	45.12
253000642115	20213515022RL01R000151			2021	45.12
253000642116	20223515022RL01R000152			2022	45.12
253000642116	20213515022RL01R000152			2021	45.12
253000647650	20223515022RL01R005342			2022	62.40
253000647653	20223515022RL01R005341			2022	62.40
253000647652	20238D15022RL01R004089			2023	65.00
253000647652	20223515022RL01R005340			2022	62.40
253000642176	20223515022RL01R000201			2022	62.40
253000648031	20193515022RL01R001641			2019	47.00
253000648031	20203515022RL01R001644			2020	47.00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garáñese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

FIRMADO POR Ana Velo Ruíz (FECHA: 24/07/2023 12:16:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 24/07/2023 12:45:00)  
Versión imprimible

CVD: tLuypp2eZp0Wo5Dpm5Aw  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.





253000648031	20213515022RL01R001651	2021	45.12
253000648031	20223515022RL01R001674	2022	45.12
253000643747	20223515022RL01R001673	2022	45.12
253000643747	20213515022RL01R001650	2021	45.12
253000723480	20223515022RL01R000300	2022	62.40
253000723736	20203515022RL01R004832	2020	65.00
253000723736	20213515022RL01R004859	2021	62.40
253000723736	20223515022RL01R004875	2022	62.40
253000645038	20223515022RL01R002883	2022	62.40
253000644727	20223515022RL01R005990	2022	62.40
253000756460	20238D15022RL01R004454	2023	65.00
253000756460	20223515022RL01R004720	2022	62.40
253000756460	20213515022RL01R004714	2021	62.40
253000756470	20223515022RL01R004744	2022	62.40
253000756470	20213515022RL01R004705	2021	62.40
253000647562	20223515022RL01R005276	2022	62.40
253000647562	20213515022RL01R005251	2021	62.40
253000647238	20223515022RL01R004953	2022	45.12
253000647238	20213515022RL01R004932	2021	45.12
253000647238	20203515022RL01R004907	2020	47.00
393000761230	20238D15022MC01R000008	2023	144.00
393000761230	20223515022OT01R000012	2022	144.00
393000761231	20238D15022MC01R000009	2023	144.00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira  
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

FIRMADO POR Ana Velo Ruíz (FECHA: 24/07/2023 12:16:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 24/07/2023 12:45:00)

Versión imprimible

CVD: tLuypP2eZpOWo5Dpm5AW  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: 50is1YfsZ6N49Yc9L80Z  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



393000761231	20223515022OT01R000013	2022	144.00
253000643083	20203515022RL01R000052	2020	65.00

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000723768	20213515022RL01R004854			2021	62.40
253000723768	20223515022RL01R004883			2022	-
253000644815	20223515022RL01R002598			2022	45.12
253000642177	20173515022RL01R000790			2017	65.00
253000642177	20183515022RL01R000929			2018	65.00
253000642177	20193515022RL01R000206			2019	65.00
253000642177	20203515022RL01R000199			2020	65.00
253000642177	20213515022RL01R000202			2021	62.40
253000642177	20223515022RL01R000200			2022	62.40
253000642571	20203515022RL01R000645			2020	65.00
253000642571	20213515022RL01R000642			2021	62.40
253000642571	20223515022RL01R000645			2022	62.40
253000642115	20223515022RL01R000151			2022	45.12
253000642115	20213515022RL01R000151			2021	45.12
253000642116	20223515022RL01R000152			2022	45.12
253000642116	20213515022RL01R000152			2021	45.12
253000647650	20223515022RL01R005342			2022	62.40
253000647653	20223515022RL01R005341			2022	62.40
253000647652	20238D15022RL01R004089			2023	65.00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



253000647652	20223515022RL01R005340	2022	62.40
253000642176	20223515022RL01R000201	2022	62.40
253000648031	20193515022RL01R001641	2019	47.00
253000648031	20203515022RL01R001644	2020	47.00
253000648031	20213515022RL01R001651	2021	45.12
253000648031	20223515022RL01R001674	2022	45.12
253000643747	20223515022RL01R001673	2022	45.12
253000643747	20213515022RL01R001650	2021	45.12
253000723480	20223515022RL01R000300	2022	62.40
253000723736	20203515022RL01R004832	2020	65.00
253000723736	20213515022RL01R004859	2021	62.40
253000723736	20223515022RL01R004875	2022	62.40
253000645038	20223515022RL01R002883	2022	62.40
253000644727	20223515022RL01R005990	2022	62.40
253000756460	20238D15022RL01R004454	2023	65.00
253000756460	20223515022RL01R004720	2022	62.40
253000756460	20213515022RL01R004714	2021	62.40
253000756470	20223515022RL01R004744	2022	62.40
253000756470	20213515022RL01R004705	2021	62.40
253000647562	20223515022RL01R005276	2022	62.40
253000647562	20213515022RL01R005251	2021	62.40
253000647238	20223515022RL01R004953	2022	45.12
253000647238	20213515022RL01R004932	2021	45.12

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garante mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <http://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado a marxe.

FIRMADO POR Ana Veio Rufz (FECHA: 24/07/2023 12:16:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 24/07/2023 12:45:00)

Versión imprimible

CVD: tLuuypp2eZp0Mo5Dpm5Aw  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: 50is1yfsZ6N49Yc9L80Z  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



253000647238	20203515022RL01R004907	2020	47.00
393000761230	20238D15022MC01R000008	2023	144.00
393000761230	20223515022OT01R000012	2022	144.00
393000761231	20238D15022MC01R000009	2023	144.00
393000761231	20223515022OT01R000013	2022	144.00
253000643083	20203515022RL01R000052	2020	65.00

SEGUNDO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

11.2 PRÓRROGA Nº 2 DE LICENZA DE OBRAS DO EXPTE: 2010/U008/000003

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.07.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: PRÓRROGA Nº 2 DE LICENZA DE OBRAS DO EXPTE: 2010/U008/000003 (Expte:2023/U003/000004)

EXPEDIENTE RELACIONADO:	2010/008/000003
OBXECTO:	PRÓRROGA Nº 2 DE LICENZA DE OBRAS. EXPTE: 2010/U008/000003 CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR
PROMOTOR:	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo urbano residencial de baixa densidade
REFERENCIA CATASTRAL:	
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	10 MESES
OBSERVACIÓNS:	Cumpríranse as condicións da licenza vixente
CONDICIÓNS PARTICULARES (segundo o informe técnico de data 18/07/2023)	-A edificación será rematada exteriormente. -Achegarase cada 5 meses informe da Dirección Facultativa do estado de execución das obras no que se indicará a porcentaxe de execución das obras respecto ao total, con inclusión de certificación de obra e fotografías,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garantese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecadeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



	aos efectos de comprobación sobre a interrupción das obras por prazo non superior a seis meses.
--	---

Visto o informe técnico do Arquitecto Municipal de data 18/07/2023.

Visto o informe xurídico de procedemento e lexislación aplicable da Técnico de Administración Xeral de data 21/07/2023.

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a prórroga do prazo para o remate das obras.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no expediente de referencia.

3º) Advertir ao propietario ou promotor que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ó Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a esta a documentación que cumpra segundo a lexislación vixente para a alta da vivenda no Catastro de Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

4º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:21 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ

